

ESTA TUTOS DA ASOCIACIÓN DE PAIS DE AL UMNOS  
"BURGO DAS NACIÓNS"

---

CAPITULO 1  
DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO, ÁMBITO



Artigo 1<sup>o</sup>

Coa denominación Asociación de Pais de Alumnos "Burgo das Nacións", do C.E.I.P de Vite, de Santiago de Compostela constitúese esta Asociación, ó amparo da Lei Orgánica do Dereito á Educación 8/1985 e da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo e demais leis e disposicións complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2<sup>o</sup>.

Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3<sup>o</sup>

Terá os seguintes fins:

- a) Asistir ós pais e titores en todo ó referente á educación dos seus fillos.
- b) Colaborar nas actividades educativas e extraescolares do Centro.
- c) Promover a participación dos pais dos alumnos na xestión do Centro.
- d) Asistir os pais dos alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión do Centro.
- e) Facilitar a representación dos pais de alumnos no Consello Escolar do Centro.

- f) Estimular a participación dos pais de alumnos na programación xeral da ensinanza a través do órgano colexiado correspondente.
- g) Fomentar as relacións de cooperación do Centro con outros establec imentos jhèntos escolares e os sectores sociais e culturais do entorno. ámbito do
- h) Promover a plena realización do principio de gratuidade no Centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de tódolos alumnos sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.
- i) Requirir ós poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, conseguindo a atención e axudas que esta merece.
- j) Promover actividades formativas, culturais e de estudio.
- k) Promover reunións de colaboración de pais con profesores e as boas relacións entre ambos.
- l) Todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

#### Artigo 4.

Para ó cumprimento destes fins realizaranse, loxicamente, todas aquelas actividades formativas, culturais e de estudo e reunións con tódolos sectores da comunidade educativa e todas aquelas outras tendentes a cumprir os fins sinalados e que sexan conformes á lei e decididas polos órganos competentes.

#### Artigo 5.

A). Para a realización das actividades que lle son propias a Asociación utilizará locais do Centro, para tal efecto o Director facilitará a integración de ditas actividades na vida escolar tendo en conta normal desenvolvemento da mesma.



B). Ós efectos da utilización dos locais do Centro a que se refire o apartado anterior será necesaria a previa comunicación da Xunta Directiva da A a a Dirección do Centro.



#### Artigo 6.

Para o mellor cumprimento dos fins, esta Asociación poderá integrarse nas Federacións e Confederacións de APAs que estimen conveniente pola Asemblea e, se non hai acordo en contra, a Federación Provincial de Apas de Centros públicos da Coruña, conxuntamente con outras UPAS na Confederación Galega de APAS de Centros Públicos (CONFAPA-GALICIA) e a nivel estatal na Confederación Española de APAS (CEAPA).

#### Artigo 7.

O ámbito da Asociación é local e fixa o seu domicilio no CEIP de Vite, Avda. do Burgo das Nacións s/n en Santiago de Compostela, CP: 15704

## CAPÍTULO 11 ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 8. Á Asociación estará representada e administrada por unha Xunta Directiva formada por:

- Presidente,
- Vicepresidente, podendo realizar as súas funcións calquera membro da Xunta Directiva designado por esta, se non houbera suficientes voluntarios para a Xunta Directiva
- Secretario,
- Administrador-Tesoureiro. - Vocais, (ata 7).

Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva no serán remunerados. Estes  
Est serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordi  
añ e o seu mandato terá unha duración de dous anos, rido  
renovándose a parti segundo año, cada ano a metade dos membros.



#### Artigo 9.

Os membros da Xunta Directiva que houbesen esgotado o prazo para o que foron  
elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento en que se produza  
a aceptación dos que lles van a substituir.

#### Artigo 10.

A elección de membros da Xunta Directiva pola correspondente asemblea, será  
polo procedemento de listas abertas.

#### Artigo 11.

A Xunta Directiva elixirá de entre seus membros os cargos correspondentes.

#### Artigo 12.

As vacantes que se puideran producir por renuncia voluntaria comunicada por  
escrito á Xunta Directiva, o por incumprimento das obrigas inherentes ó cargo,  
poderán cubrirse provisionalmente por membros que designe a Xunta Directiva  
ata que se celebre a primeira reunión da Asemblea Xeral.

#### Artigo 13.

A Xunta Directiva reunirse sempre que sexa convocada polo seu Presidente.  
Tamén deberá reunirse, a petición dun tercio da totalidade dos seus compoñentes.  
Quedará validamente constituída cando asista a metade mais un dos seus membros  
e, para que seus acordos sexan válidos, deberán ser

acordados pola maioría dos votos correspondentes os membros presentes. En caso de



empate, o voto do presidente será de calidade.

#### Artigo 14.

As facultades da Xunta Directiva estenderase, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da Asociación, sempre que no requira según estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades da Asociación e levar a xestión económica e administrativa, acordando realizar os oportunos actos e contratos.
- d) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances, contas e programa anual de actividades.
- d) Resolver sobre a admisión de socios se fose necesario.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que no sexa da exclusiva competencia da Asemblea e sexa conforme según a lei.

#### Artigo 15.

O Presidente terá as seguintes atribucións:

- Representar legalmente á Asociación ante toda clase de Organismos Públicos ou privados.
- Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e de outra.
- Ordenar pagos e firmar xunto có Administrador-Tesoureiro os libramentos,

cheques, etc.

Two handwritten signatures in black ink. The first signature is on the left and the second is on the right, both appearing to be in cursive.

- Recibir en nome da Asociación calquera cantidade proveniente e de subvenciones de Entidades Públicas elou privadas.
- Autorizar coa súa firma os documentos, actos e correspondenci žoqa a da Asociación.
- Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle, ou que no desenvolvemento da súa actividade resulte necesaria ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva; asumirá tamén, en todo caso, tódalas facultades que a Lei establece.



#### Artigo 16.

O Vicepresidente será o encargado de substituir ó Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade o calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que este. O Presidente poderá delegar en este as súas competencias para a atención ou xestión de asuntos determinados o un conxunto dos mesmos, previa conformidade da Xunta Directiva.

#### Artigo 17.

O Secretario terá ó seu cargo a Dirección dos traballos meramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os Libros da Asociación legalmente establecidos e o ficheiro de Asociados e custodiará a documentación da Entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación das Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles nos correspondentes rexistros, así como a presentación das contas anuais e do programa de actividades e o cumprimento das obrigas documentais, nos termos que legalmente correspondan; ademais velará pola conservación dos locais sociais e gardará o selo da Asociación.

#### Artigo 18.

W  
paz

O Administrador-Tesoureiro estará encargado de recadar e conservar os fondos e bens da Asociación. Levará o Libro de Caixa e firmará os libramentos de fondos xunto co Presidente; elaborará o proxecto de presuposto que a uãta Directiva deba presentar ante a Asemblea Xeral e preparará as contas que deba someterse a devandita Asemblea.



Artigo 19.

Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membro da Xunta Directiva e poderán recibir por acordo desta o encargo de presidir ou coordinar grupos de traballo así como a execución de encargos, comisións, representacións e outras tarefas que pola Xunta Directiva lles fosen encomendadas.

Artigo 20.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

## CAPÍTULO 111

Artigo 21.

A Asemblea Xeral é o órgano supremo da Asociación e estará integrada por tódolos socios.

Artigo 22.

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias.



A ordinaria celebrábase obrigatoriamente unha vez ó ano, dentro dos catro meses seguintes ó pecho do exercicio e en ela proporábase a aprobación deas contas e orzamentos e programa Xeral da actuación social. Tamén nela procederábase á elección de membros da Xunta Directiva cando correspondase polo imperativo estatutario.



As extraordinarias celebrábase cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o solicite formalmente por escrito ó menos un tercio dos asociados.

#### Artigo 23.

As convocatorias das Asembleas Xerais realizarábase por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como o orde do día coa expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar ó menos 7 días, podendo así mesmo facerse constar a data e hora en que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a media hora.

#### Artigo 24.

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas a maioría dos asociados, e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados presentes.

Os acordos tomarábase por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen ós negativos no sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións.



## Artigo 25.

p-ÀL

Será necesario o ítes na

voto favorable dos  
assemblea para



Two handwritten signatures in black ink, one above the other, positioned to the right of the stamp.

dous tercios dos asociados presenten  
adoptar as seguintes decisións:

- a) Nomeamento das Xuntas Directivas.
- b) Disposicións e alienación de bens.
- c) Solicitude de declaración de utilidade pública da asociación.
- d) Integración en federacións.
- e) Modificación estatutaria.
- f) Disolución da Asociación.

## CAPÍTULO IV socros

## Artigo 26.

Poderán ser membros da Asociación tódolos pais o titores maiores de idade, dos alumnos que cursan estudos no CEIP de Vite.

## Artigo 27.

Serán dereitos dos asociados:

- a) Elixir, ser elixible para tódalas funcións representativas da Asociación.
- b) Ter voz e voto nas reunións da Asociación.
- c) Tomar parte en tódalas actividades da Asociación e utilizar os servizos que poidan establecerse en beneficio dos socios.
- d) Dirixir peticións e propor iniciativas ós Organos de Goberno da Asociación.
- e) Recadar e recibir da Xunta Directiva canta información precisen sobre a xestión asociativa.
- f) Asistir a tódalas reunións e actos convocados pola Xunta Directiva.

g) Colaborar activamente no cumprimento dos fins da Asociación e na execución e eficacia dos mesmos.



Artigo 28.

Serán deberes dos socios:

- a) Observar e cumprir os estatutos da Asociación e os acordos da Asemblea Xeral.
- b) Contribuír economicamente ó sostemento da Asociación na forma que se estableza na Asemblea Xeral.

Artigo 29.

Causarase baixa na Asociación:

- a) Por petición do interesado.
- b) Por baixa dos fillos matriculados no Centro.
- c) Por falta de pagamento das cotas por un período superior a tres meses e mediando un apercibimento previo da Xunta Directiva.
- d) Por incumprimento dos Estatutos.
- e) Por utilización da Asociación con fines alleos a los específicos da mesma. Para excluír a calquera socio polas causas do apartado d) e e) do anterior artigo, deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán detalladamente os feitos que orixinan a expulsión. Así mesmo deberase oír ó propio expedientado que poderá presentar un prego de descargo alegando o que considere conveniente na súa defensa e que se unirá o expediente que estudiará a Xunta Directiva e propondrá a decisión que considere oportuna. Si optase pola expulsión a presentará na próxima Asemblea Xeral que despois de oír á

Xunta Directiva e o socio se o solicitara, tomará unha decisión que será inapelable.



#### Artigo 30.

Os recursos económicos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas dos socios periódicas o extraordinarias que serán determinadas pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva.
- b) As subvenciones, legados, herdanzas ou doazóns que puidera recibir de forma legal e que sexan aceptados tanto que proveñan de persoas físicas coma xurídicas.
- c) Calquera outro recurso de procedencia lícita.



#### Artigo 31.

A Asociación carece de patrimonio fundacional. O patrimonio social que se constituíndo estará composto por tódolos bens que se adquiran para a realización dos fins sociais. A súa disolverase administración corresponde á Xunta Directiva.

#### Artigo 32.

O exercicio asociativo e económico coincidirá co inicio e finalización do curso escolar que fixe a Administración Educativa para cada ano académico.

## CAPÍTULO V DISOLUCIÓN

#### Artigo 33.

Esta Asociación disolveráse voluntariamente cando así o acorden en Asemblea Xeral, convocada ó efecto, unha maioría de dous tercios dos asociados.




#### Artigo 34.


En caso de disolución nomearase unha comisión liquidadora a que, unha vez extinguidas as débedas e si existise sobranse líquido destinarase a aquelas entidades sen fin de lucro dedicadas á realización de fins educativos con un espírito similar ó que anima a esta asociación e que se sinalará na Asemblea Xeral na se acorda a liquidación.



#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o que non estea previsto nos presentes estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, así como a Lei Orgánica 8/1985 reguladora do dereito á educación do 3 de xullo de 1985 e demais disposicións específicas de aplicación provenientes da Comunidade Autónoma de Galicia o do dereito estatal supletorio en ausencia do autonómico según dispón a Constitución Española.





MANUEL SALGADO DEL

33896881

Bz4U4